ASINADO POR: TÉCNICA DE XESTIÓN - ( ROSA MARIA OTERO MALVÁREZ ) 15/12/2022 14:16:10 | XEFA PARTICIPACION CIDADA E DESENVOLVEMENTO LOCAL - ( M. CARLA CANDIA PAZ ) 15/12/2022 14:17:26

Documento asinado

**EXPEDIENTE:**1280/322
**TIPO EXPTE**: PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE APOIO TÉCNICO Á OFICINA MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO E FORMACIÓN DE PERSOAS E ENTIDADES DE VOLUNTARIADO
**TRÁMITE**: INFORME SOBRE C

**INFORME**

A mesa de contratación, en data 14/12/2022, procedeu á desencriptación das ofertas recibidas no expediente 1280/322 do procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación de persoas e entidades de voluntariado, á vista do cal emítese o presente informe de avaliación das proposicións formuladas polas empresas que non teñen sido excluídas:

· **Lote I "Apoio técnico":**

- AVADA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA
- ATELIER SOCIAL, SL

· **Lote II** "Formación a persoas voluntarias e entidades":

- ATELIER SOCIAL, SL

**VALORES ANORMAIS**

A teor d**o disposto no apartado 7D do** Anexo I -FEC- do PCAP **"Os criterios para determinar que a oferta contén valores anormais:** os establecidos no artigo 85 do RXLCAP.

En relación co anterior, e de acordo cos criterios para apreciar as ofertas desproporcionadas ou temerarias establecidos no artigo 85 apartados 1 e 2 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas, se conclúe que as ofertas presentadas nos Lotes I e II non incorren en presunción de anormalidade:

- LOTE I (dous licitadores): a oferta mais económica non é inferior en mais de 20 unidades porcentuais á outra oferta.

- LOTE II (1 licitador): a oferta non é inferior ao presuposto base de licitación (23.279,19 €) en mais de 25 unidades porcentuais.

**INFORME DE VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA**

· Conforme ao establecido no apartado 6.B) das FEC do prego de cláusulas administrativas**, o contido do SOBRE C** incluirá a documentación acreditativa dos criterios avaliables mediante xuízo de valor co contido esixido no apartado 7C destas FEC.

ASINADO POR: TÉCNICA DE XESTIÓN - ( ROSA MARIA OTERO MALVÁREZ ) 15/12/2022 14:16:10 | XEFA PARTICIPACION CIDADA E DESENVOLVEMENTO LOCAL - ( M. CARLA CANDIA PAZ ) 15/12/2022 14:17:26

Documento asinado

· Conforme ao establecido no apartado 7.B) das FEC do prego de cláusulas administrativas, os **CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA:** valoraranse con ata **70 puntos**

**- Lote I "Apoio Técnico"**

**1.- Redución do prezo do lote:** valorarase con ata **40 puntos**

Para a valoración destes criterios utilizaranse as fórmulas previstas na cláusula 16 deste prego.

**2.- Campañas de fomento do voluntariado:** valorarase con ata **20 puntos**

- **2 puntos** por cada xornada informativa organizada de xeito presencial, dirixida ao fomento do voluntariado nos referidos colectivos e/ou ámbitos da Cidade, especialmente en centros educativos e sanitarios, entidades deportivas, culturais, asistenciais, veciñais, centros cívicos.

- **1 punto** por cada campaña en medios offline (radio, televisión ou prensa local) dirixida ao fomento do voluntariado nos colectivos e/ou ámbitos seguintes:

  - Poboación en xeral
  - Maiores
  - Mozos e mozas
  - Social e da saúde
  - Deportivo
  - Educativo, Cultural e integración

- **0,25 puntos** por cada campaña en medios online (facebook ADS, Twitter ou Youtube...) dirixida ao fomento do voluntariado nos colectivos e/ou ámbitos seguintes:

  - Poboación en xeral
  - Maiores
  - Mozos e mozas
  - Social e da saúde
  - Deportivo
  - Educativo, Cultural e integración

**2.- Incremento de horas de apoio técnico (a maiores do mínimo de 1.800 horas fixado na cláusula 2 do PPTP):** valorarase con ata **10 puntos**

Para a valoración destes criterios utilizaranse as fórmulas previstas na cláusula 16 deste prego.

**- Lote II "Formación a persoas voluntarias e entidades"**

**1.- Redución do prezo do lote:** valorarase con ata **40 puntos**

Para a valoración destes criterios utilizaranse as fórmulas previstas na cláusula 16 deste prego.

**2.- Incremento de horas de formación presencial (a maiores do mínimo**

ASINADO POR: TÉCNICA DE XESTIÓN - ( ROSA MARIA OTERO MALVÁREZ ) 15/12/2022 14:16:10 | XEFA PARTICIPACION CIDADA E DESENVOLVEMENTO LOCAL - ( M. CARLA CANDIA PAZ ) 15/12/2022 14:17:26

**de 65 horas fixado na cláusula 5 do PPTP):** valorarase con ata **15 puntos**

Para a valoración destes criterios utilizaranse as fórmulas previstas na cláusula 16 deste prego.

**3.- Incremento de horas de formación "online" (a maiores do mínimo de 15 horas fixado na cláusula 5 do PPTP):** valorarase con ata **5 puntos**

Para a valoración destes criterios utilizaranse as fórmulas previstas na cláusula 16 deste prego.

**4.- Campañas de fomento da formación do voluntariado:** valorarase con ata **10 puntos**

- ➢ 3 puntos por cada campaña dirixida a:
  - Poboación en xeral por medios offline
  - Mozos e mozas por redes sociais
- ➢ 2 puntos por cada campaña dirixida a:
  - Entidades de voluntariado por medios offline
  - Entidades de voluntariado por redes sociais

De conformidade co anterior, procedeuse á avaliación das ofertas achegadas en cada un dos lotes, acadando as puntuacións que se reflicten nas seguinte táboas:

- **LOTE I:**

| CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA: Valoraranse con ata 70 puntos | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Lote | Empresas licitadoras | Prezo | | Campañas de fomento do voluntariado valorarase con 20 puntos | | | | | | Incremento de horas de apoio técnico | | TOTAL |
| | | Redución do prezo do lote Máximo 40 puntos | | Xornada informativa (2 puntos c/u) | | Campaña medios offline (1 punto c/u) | | Campaña medios online (0,25 c/u) | | A maiores do mínimo de 1.800 horas (ata 10 puntos) | | |
| | | Oferta | Puntos | Oferta | Puntos | Oferta | Puntos | Oferta | Puntos | Oferta | Puntos | |
| Lote 1 | **AVADA (*)** | **75.973,87** | **28,18** | **6** | **12** | **5** | **5** | **20** | **5** | **200** | **10,00** | **58,18** |
| | **ATELIER** | **74.166,51** | **40,00** | **10** | **20** | **0** | **0** | **0** | **0** | **180** | **7,96** | **67,96** |

(* A suma da puntuación total obtida por AVADA no apartado 2, 22 puntos, excede do máximo establecido no prego, polo que se lle outorga a puntuación máxima de 20 puntos)

- **LOTE II:**

De conformidade co establecido no apartado 16.3 do PCAP, se lle outorga á empresa ATELIER SOCIAL S.L. a puntuación máxima de 70 puntos ao ser o único licitador admitido no procedemento.

**Á vista do** exposto, reflíctense a continuación as puntuacións totais acadadas polas ofertas achegadas ao expediente por orde decrecente:

| PUNTUACIÓNS FINAIS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Lote** | **Empresas licitadoras** | **SOBRE B** | **SOBRE C** | **TOTAL** |
| **I** | **ATELIER SOCIAL S.L.** | **27,5** | **67,96** | **95,46** |
| | **AVADA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA** | **15** | **58,18** | **73,18** |
| **II** | **ATELIER SOCIAL S.L.** | **27** | **70,00** | **97,00** |

O que se informa aos efectos oportunos.

Na data da sinatura dixital

A técnica de xestión
Rosa Otero Malvárez

Na data da sinatura dixital

A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local
(Resolución de 11/04/2022)
Carla Candia Paz

ASINADO POR: TÉCNICA DE XESTIÓN - ( ROSA MARIA OTERO MALVÁREZ ) 15/12/2022 14:16:10 | XEFA PARTICIPACION CIDADA E DESENVOLVEMENTO LOCAL - ( M. CARLA CANDIA PAZ ) 15/12/2022 14:17:26

Documento asinado